



Inscrición

Inscrición previa até o 19 de abril no teléfono 981 583 620 ou no enderezo electrónico: deac@museodopobo.com (non serán válidas as inscricións en Facebook)

Número máximo de participantes 30 por orde de inscrición

Destinado a todas as persoas adultas interesadas sen necesidade de coñecementos previos sobre baile tradicional.

Matriculación gratuíta. Custes por materiais: gratuíto para as persoas socias, 3€ para persoas desempregadas e 5€ para quen non estea en ningunha destas situacións.

Imaxe tirada da serigrafía "Muiñeira" (1967) de Luis Seoane. Fundación Luis Seoane.



A Voltas co Baile

Valse, Rumba
e Pasodobre

bailes de aquí e de acolá

Sábado 27 de abril de 2013
Museo do Pobo Galego
de 11 a 14h de 16.30 a 19.30 h



Museo
do Pobo
Galego



Colabora
CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellería de Cultura



XUNTA
DE GALICIA

Na tradición popular pódense atopar moitas formas e estilos de bailar o agarrado, bailes que foron transformándose co paso do tempo desde a súa orixe até a actualidade. As danzas teñen un lugar determinado de nacemento, un período de proba e unha aceptación, unha expansión e unha difusión cara a outros lugares. Finalmente tras sufrir pequenas modificacións, prodúcese o seu asentamento en novos países e culturas.

Neste curso, dirixido por Manuel Cobas, imos ver bailes agarrados orixenarios de Europa e América Latina como o Valse, a Rumba e o Pasodobre, atendendo a súa orixe, deriva e adaptación á cultura galega .

Programa

Parte Teórica

1. O baile agarrado en Europa e América Latina. Evolución.
2. O baile agarrado en España e Portugal.
3. O baile agarrado en Galicia. Historia, evolución e situación actual.
4. Ritmos, instrumentos e formacións musicais.
Acompañamento para os diferentes bailes.

Parte Práctica

Emisión de vídeos documentais para observar como se bailan os diferentes ritmos.

Práctica de baile:

1. Valse. Pasos do baile orixinal (Vals vienés).
2. Valse, Galicia. Valsas Mandadas, Portugal. Valse Tango, Arxentina.
Valse Venezolano.
3. Valse a cinco, oito e once tempos.
4. Rumba en Galicia. Bailes agarrados onde aparece o paso de rumba.
5. Rumba en América Latina.
 - Chamarrita.
 - Son cubano.
6. Pasodobre en Galicia. Bailes en roda.
 - A Muiñeira corrida.
 - O Garutiño.
 - Outros.

Imparte:

Manuel Cobas Paredes

Mestre de baile tradicional dende o ano 1994, actualmente imparte clases en distintas asociacións como Lembranzas da Ría de Cangas, Meiramar Axóuxeres de Moaña, grupo de baile de Alxén de Salvaterra de Miño, Abertal de A Rúa de Valdeorras e Antoxo de Bueu, así como en distintos centros educativos como actividades extraescolares. Compaxina a súa faceta de mestre coa de bailarín, formando parte das compañías de danza Circio e Bruma. Como músico forma parte do grupo Fiandola.